



masterclass

Jorge Retamoza

**Sábado 9 de xuño
Auditorio de Rianxo**

Músico e compositor arxentino que tomando elementos do jazz e procedementos da música académica, realiza un traballo innovador sobre o tango, a música de Bos Aires. Retamoza é un dos precursores na introdución do saxo no tango ademais é quen está desenvolvendo desde fai moitos anos una obra en torno a este instrumento nesta música. Durante os anos 2002/03 realiza exitosas xiras por España presentando este material. Tamén ten desenvolto unha actividade como compositor dentro dun ámbito académico onde coexisten obras para bandoneón e seis percusionistas, bandoneón e orquestra, obras de cámara para piano e viola, piano-cello-clarinete, e arranxos para quintetos de cordas, cuartetos de saxos, sobre temas orixinais e versións de obras de outros compositores arxentinos. En colaboración co artista plástico e cineasta Pablo Delfini produce unha obra en torno ao cine de animación, "Stop-motion", obra que foi exhibida en Arxentina e no resto do mundo en festivais, museos, galerías, etc. Obtendo distintos premios, entre eles:

Mellor filme de animación no XXIII Concurso Nacional de Películas e Video Independente, Arxentina, 2007

Mellor filme de animación no IX Fejorel, Bos Aires, Arxentina, 2007.

Mellor Música no Festival de Films Poéticos de New York, USA, 2008;

4º FLIP, Festival Internacional de Animación, Valparaíso, Chile, 2008

3º Premio, Concurso de Curtametraxe Premio Alberto Fischerman, Bos Aires, Arxentina, 2009

Primer Premio Animación, 6º Tandil Cortos, Festival Nacional de Curtametraxes, Tandil, Arxentina 2009

Mellor Curtametraxe de Animación Arxentino, III Festival Internacional de Cine de Gualaguaychú, Arxentina 2010

En 1998 obtén por concurso o cargo de Saxo Barítono para a Banda Sinfónica da Cidade de Bos Aires. Ademais ten actuado en presentacións, gravacións e xiras a través de Sudamérica, cos principais artistas populares da Arxentina: Memphis, César Pueyrredón, Los Tarantos, Sandro, Raúl Lavié, Rodolfo Mederos, entre outros e con algunhas figuras internacionais multipremiadas como Isabel Pantoja e Celia Cruz. Integrou numerosas formacións de jazz, tanto grupos pequenos como big bands, tocando xunto aos principais músicos dese estilo en Arxentina. Tamén ten participado en gravacións de películas, jingles e en orquestras de comedias musicais.

A unha idade moza comeza os seus estudos de piano coas profesoras Avelina Alhoni e Celia de Carlo. Anos máis tarde iniciárase de maneira autodidacta a tocar o saxo e logo dun breve período estuda con Bernardo Baraj. Anos máis tarde estuda a técnica clásica do saxo e na música de cámara xunto a Alejandro González. Obtén a beca do IV Seminario de Jazz de Las Leñas, tendo como instrutor a Jorge Cutello. Participa en clases maxistras ditadas por Miguel Villafruela (clásica), Jim Snidero e Bob Mintzer (jazz). Estuda harmonía e nocións de contrapunto con Pedro Aguilar. Estuda contrapunto, harmonía e composición con Claudio Alsuyet.

LUGAR:

Auditorio de Rianxo.

DATAS E HORARIO:

Sábado 9 de xuño - 16 a 19 h

INFORMACIÓN:

Tel.: 671 058 555

escolademusicaderianxo@gmail.com

INSCRICIÓN - Prazos e custe:

Interesados deberán enviar por e-mail, os seus datos persoais e xustificante do ingreso bancario antes do 9 de xuño

- alumnos matriculados na Escola: 10 euros.

- resto asistentes: 20 euros

Nº DE CONTA (CCC) NOVAGALICIA BANCO

2080 5495 95 3040106048

CONTIDOS:

- Iniciación á improvisación
- Utilización práctica das escalas
- Desenvolvemento do sentido rítmico
- Repertorio básico do Tango e da música moderna
- A Master Class rematará cun coloquio tentado dar resposta as dúbidas ou as inxedanzas dos e das asistentes.
- Entregarase diploma de asistencia.

organiza

Colabora

